



A vida enteira das sociedades en que imperan as condicións de produción modernas anúnciase como unha inmensa acumulación de espectáculos. Todo o directamente experimentado converteuse nunha representación?

Guy Debord. *A sociedade do espectáculo*

Organiza
Consello da Cultura Galega
(Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas)
Centro Galego de Arte Contemporánea

Coordina
María Luísa Sobrino
Miguel von Hafe Pérez

Comité de organización
Camilo Franco
Federico López Silvestre
Carme Nogueira
Antón Patiño
Seve Penelas
Natalia Poncela
Miguelanxo Prado
Carlos Rosón
María Luísa Sobrino
Miguel von Hafe Pérez

Sedes das xornadas
Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 957 202

Centro Galego de Arte Contemporánea
Rúa Valle Inclán, s/n
15704 Santiago de Compostela
Tel. 981 546 619



Inscripción
A cota de inscrición é de 10 € (para estudantes e licenciados en paro: 5 €) e farase efectiva mediante unha transferencia bancaria á conta:
Caixa Galicia 2091-0300-47-3110063172
Para formalizar a inscrición deben enviar o xustificante de pagamento.
O número prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia ás xornadas. Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das conferencias.

Inscripción e máis información
www.consellodacultura.org
loxistica@consellodacultura.org



SANTIAGO DE COMPOSTELA

ARTE +GRANDES EVENTOS

xornadas | 6-7 outubro 2010



As artes visuais contemporáneas adxectívanse baixo o signo do espectáculo. O seu rol social débúllase na contorna das políticas culturais e ao abrigo das institucións márcanse os calendarios expositivos; unhas citas que rexen o ritmo e sinalan aos protagonistas da *dramatis personae* deste complexo guión do sistema arte.

Na secuencia dos grandes eventos culturais escritos polas institucións públicas e privadas —en numerosas ocasións alleas ao eido artístico— xéranse programacións, principalmente expositivas, nas que se exportan como criterios determinados parámetros de actuación.

Na derradeira década do século xx, acompañados pola opulencia do benestar económico, asistimos ao agromar de grandes eventos culturais; foros hexemónicos que, co paso do tempo e xa finalizando a primeira década do século xxi, continúan a retroalimentar os seus ciclos.

A presenza das artes visuais nestas realidades, nestas celebracións e grandes eventos (situados ou non dentro do artístico) é reclamada desde o propio eido, afianzándose a idea de que as políticas culturais marcan os ritmos das artes visuais.

Detrás de cada un destes feitos ou eventos artísticos hai toda unha serie de xestos, procesos, decisións e cuestións que constrúen a súa estrutura: Que? Por que? Para que? Quen? Onde? Cando? Como? Canto?

Imaxinación, talento, audacia e rigor; pero tamén financiamento, vocación ou non de superprodución ou *entertainment*, contido e contedor, audiencias, obxectivos... Todo entra en xogo e, moitas veces, deixa un sabor de conflito: arte e cultura versus espectáculo e *show business*; coñecemento e pensamento crítico social versus xogos florais, artificiais e acomodicios; profundidade de contidos versus a superficialidade dunha simple foto como testemuño e acontecemento mediático.

A través destas dúas xornadas de charlas e debate abordaranse diferentes perspectivas sobre estas cuestións: desde a visión sociolóxica até a crítica institucional ou as teorías da cultura e da espectacularización do feito artístico, pasando pola voz dos propios creadores, así como a opinión de directores de museos, centros de arte, bienais, feiras ou xestores de eventos.

Seve Penelas / Natalia Poncela

6 de outubro

Lugar de celebración:
Consello da Cultura Galega



10:00 h

Presentación das xornadas



10:30 h

Conferencia

ARTURO RODRÍGUEZ MORATÓ

Profesor de Socioloxía na Universitat de Barcelona



12:00 h

Conferencia

JOSÉ LUIS PARDO

Filósofo e ensaísta. Catedrático da Facultade de Filosofía na Universidad Complutense de Madrid



17:00 h

Conferencia

SANTIAGO OLMO

Crítico de arte e comisario de exposicións. Comisario da 31 Bienal de Pontevedra

7 de outubro

Lugar de celebración:
Centro Galego de Arte Contemporánea



10:30 h

Conferencia

CATHERINE DAVID

Historiadora da arte e comisaria independente. Directora Artística da Documenta X de Kassel (1994-1997)



12:00 h

Conferencia

ISIDORO VALCÁRCEL MEDINA

Artista. Premio Nacional de Artes Plásticas 2008



17:00 h

Coloquio

Arturo Rodríguez Morató

Santiago Olmo

Catherine David

Isidoro Valcárcel Medina

Modera:

María Luísa Sobrino

Coordinadora da Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas do Consello da Cultura Galega



P R O G R A M A